

eme

Número 11 Setembro 2006 7 euros

dez

Revista de História e Ciências Sociais da Fundação 10 de Março

MOVIMENTOS SOCIAIS NO FRANQUISMO

ANIERA

OS ESTUDANTES
DOS
TRABALHADORES





Dezeme nº 11. 2006. ISSN 1576-4044. Páxs. 15-23.

O MOVIMENTO DEMOCRÁTICO DE MULLERES: DA PROTESTA COTIÁ Á LOITA POLÍTICA

CLAUDIA CABRERO BLANCO

Desde os inicios da resistencia antifranquista, as mulleres tiveron unha participación activa en fronteiras como a reconstrución das organizacións clandestinas, a loita contra a fame e a represión ou a solidariedade coa guerrilla e os presos. Porén, será a partir dos anos sesenta cando, coincidindo cos cambios producidos na sociedade e no movemento

obreiro, a súa mobilización comece a facerse máis visible. Un dos acontecementos máis significativos a este respecto será a creación, impulsada polo PCE, do Movemento Democrático de Mulleres (MDM).

O MDM nace en Madrid en 1965 e supón o primeiro intento de constitución dun movemento autónomo de mulleres

A creación do MDM responde ao propósito dun grupo de mulleres próximas ao PCE de constituiren unha organización específica concibida sobre bases amplas, pluralistas e interclasistas

con programas reivindicativos e instrumentos de loita de seu. Seguindo o exemplo da capital, contra a segunda metade dos anos sesenta formáronse grupos do MDM, con maior ou menor arraigo e duración, en lugares como Barcelona, Zaragoza, Valencia, o País Vasco, Galicia ou Asturias. Nos anos finais da década formáronse outros en cidades como Castellón, Alacante ou Málaga e, a partir de 1971, en Albacete, Valladolid ou Logroño.¹ A creación do MDM responde ao propósito dun grupo de mulleres próximas ao PCE de constituiren unha organización específica concibida sobre bases amplas, pluralistas e interclasistas. A diversidade, tanto desde o punto de vista social como político, será, pois, unha das características máis significativas do Movemento, que se declarará aberto a amas de casa, traballadoras ou profesionais universitarias; a mulleres de distintas ideoloxía e crenzas e a outras sen militancia de partido nin compromiso relixioso. O MDM defenderá en todo momento a existencia dunha liña de acción propia, decidida mediante a discusión aberta e colectiva, e teimará na súa independencia económica e ideolóxica dos partidos políticos, das organizacións sectoriais e do Estado. Con todo, malia os seus esforzos por non facer explícita a súa relación co PCE, as tensións provocadas polo «dirixismo» comunista serán constantes desde os primeiros momentos, tanto entre as militantes do Partido e as mulleres de distinta ideoloxía como entre aquelas e o propio PCE.² Así o explicaba Marisa Castro, activa militante comunista e feminista, impulsora do MDM en Asturias:

El MDM no era un movimiento de mujeres comunistas, era un movimiento impulsado por mujeres comunistas pero con un objetivo muy claro de participación de toda la pluralidad de mujeres que hubiera en la sociedad y que quisieran acercarse a los problemas de las mujeres a través de

nosotras. No queríamos quedarnos sólo trabajando con las mujeres comunistas [...]. Claro, también te confieso que si no fue más plural es porque estaba impulsado por las mujeres comunistas y eso ya generaba recelos y envidiejas y eso en los partidos. Ya sabes cómo funciona eso y eso quizás hizo que mujeres estupendas que deberían haber participado en ese proceso con naturalidad, pues a lo mejor el estigma de las comunistas era muy potente.³

En efecto, malia que o propio PCE fuxirá do papel de dirixente ou mentor do Movemento e se comprometerá a respectar a súa autonomía, con frecuencia será acusado non só de decidir a estratexia e as actividades do MDM, senón tamén de manipular as súas accións e de utilizalo para reproducir os seus propios intereses de partido. A maneira de o PCE entender o papel que o MDM debía desempeñar na loita antifranquista queda claramente reflectida nun artigo aparecido en *Mundo Obrero* en 1968:

[...] lo motivan circunstancias económico-sociales y políticas que afectan a hombres y mujeres. Adquiere formas embrionarias de organización encabezadas por mujeres, por ser éstas, en cada caso concreto, las que «lidian» con las consecuencias que en la vida diaria tienen la explotación capitalista, la arbitrariedad política, social y cultural de la dictadura reaccionaria. No es un movimiento «subalterno», como temen algunas personas que se interesan en ello. Es una expresión particular de la lucha general por la democracia y la justicia social en España. Tiene un gran valor general por ser susceptible de arrastrar y movilizar a miles de mujeres que no son aún conscientes de lo global pero que se rebelan ante lo parcial, lo sectorial, en este caso: lo difícil que es vivir decorosamente con los míseros sueldos y la carestía de alimentos, ropa, estudios y



asistencia médica. [...] Así debemos concebir el movimiento de mujeres que se ha puesto en marcha en nuestro país, si no queremos empequeñecerlo y aislarlo.⁴

O MDM foi concibido como un movemento de masas, cun campo específico de acción que era a «masa feminina», pero cuxo traballo ía indisolublemente ligado á loita sociopolítica xeral do país contra o franquismo e «por una sociedade sin clases. Única sociedade en la que la mujer podrá realizarse plenamente.»⁵ Esta concepción (que segue, en termos xerais, as teses leninistas sobre a cuestión feminina) parte do feito de que a loita das mulleres pode e debe ser específica, pero só adquire sentido na medida en que coincida coa loita xeral polo conxunto da clase traballadora.

Consonte estas premisas xerais, xa na primeira reunión estatal do MDM, celebrada en Madrid en febreiro de 1970, quedaron definidos os obxectivos polos que debían loitar as mulleres.⁶ Estes, que partían do especificamente

feminino para chegar á loita política xeral, pódense dividir en tres grupos. En primeiro lugar, atendendo á discriminación específica da muller dentro da sociedade, considerábase a necesidade de promover reivindicacións centradas na defensa da súa igualdade xurídica e social pero, sobre todo, da súa igualdade laboral.⁷ Así, como primeiro paso para alcanzar a emancipación feminina, esixíase a aprobación de medidas que facilitaran a incorporación da muller ao traballo (como a creación de gardarías e *casas cuna*), a abolición de leis discriminatorias ou o acceso á educación e á cultura en igualdade de condicións cos homes. En segundo lugar, nun punto intermedio entre o concreto e o xeral, expúñanse determinadas esixencias sociais que, mesmo sendo comúns a homes e mulleres, considerábanse máis próximas ás preocupacións ou a militancia feminina máis tradicional: os problemas dos barrios, a casa, a carestía da vida ou a educación dos fillos. Por último, e como obxectivo prioritario,

Como primeiro paso para alcanzar a emancipación feminina, esixíase a aprobación de medidas que facilitaran a incorporación da muller ao traballo, a abolición de leis discriminatorias ou o acceso á educación e á cultura en igualdade de condicións cos homes

Fotografía de Xulio Gil

situábase a loita xeral en defensa da democracia, contra a represión e por un réxime de liberdades que beneficiaría o conxunto da clase traballadora. En suma, era esta unha visión da loita que combinaba reivindicacións políticas e sociais xerais con reivindicacións específicas femininas que, nestes primeiros anos de andadura do MDM, aínda se definen moi timidamente, pois se consideran en función da súa contribución á causa xeral da loita pola democracia.

levou a cabo múltiples actividades. Unhas eran de tipo teórico —como a organización de charlas en colexios e igrexas, a realización de mitins ‘relampo’ nos mercados ou de seminarios e asembleas nos barrios— e pretendían levar a cabo unha actividade de debate e discusión entre as mulleres acerca de cuestións como a súa situación na familia e a sociedade, a carestía da vida, os problemas da escola ou a sanidade. Outras eran de tipo práctico, como a organización de manifesta-



Pero, se estes eran os obxectivos, ¿cal debía ser a táctica máis apropiada para alcanzalos? Seguindo a estratexia de infiltración nas organizacións do réxime, o MDM proporase utilizar as estruturas que funcionaban legalmente a consecuencia da Lei de asociacións, como medio para canalizar o labor do Movemento.⁸ En efecto, xa desde 1969 o MDM decidira infiltrarse nas asociacións de amas de casa, e esta vía de actuación revelárase como unha das mellores formas de contar, desde unha determinada legalidade, con organizacións autónomas de mulleres. Así, a través destas plataformas, o MDM

levo a cabo múltiples actividades, como a organización de comisións ás fábricas, a redacción de documentos destinados ás autoridades, a formación de comités de solidariedade cos presos ou despedidos, a realización de peches en igrexas, as accións nos mercados contra a carestía da vida ou o envío de comisións aos concellos para reclamar escolas, gardarías, espazos verdes ou para protestar contra a falta de auga.⁹ É dicir, o labor do MDM partía da discusión dos problemas de supervivencia que tiñan as mulleres (e das fronteiras de loita «tradicionalmente femininos»), pero como afirmaba Merche Comabella, unha das súas fundadoras,

esta era unha forma de conseguir que as menos concienciadas «al menos salieran de sus casas y a partir de ahí hablarles de la discriminación de la mujer en las leyes, en el trabajo, de cómo la mujer estaba supeditada al marido, etc. Y junto a esto hacer acciones en las calles, por los problemas también políticos como por las faltas de libertades». ¹⁰ Grazas ás actividades do MDM, aumentou de xeito considerable o número de asociacións de amas de casa, co que se favoreceu a extensión das loitas nos barrios. Pero ademais, estes espazos convertéronse nun instrumento de ruptura do illamento político e social das mulleres que traballaron neles. Cumpriron así unha dobre función: dunha banda, serviron de arma de presión fronte ao goberno e, doutra, convertéronse en portavoces dos problemas da vida cotiá das esposas e nais de familia dos barrios populares.

Pero sobre de introducirse nas asociacións de amas de casa para facer máis efectivo o seu traballo, o MDM contaba tamén cun aparello de propaganda propio. Así, en 1967 iniciou a edición dun boletín mensual, *La mujer y la lucha*, que desde ese mesmo ano se reproduciu e distribuíu nos lugares onde logrou implantarse. Tamén editaba boletíns propios noutras cidades: *Mundo Femenino* (a partir de xaneiro de 1968) en Asturias, *A Muller e a Loita* (a partir de 1970) en Vigo e *Alborada* na Coruña, *Nuestra Voz* en Málaga ou *Avanzando* (n.º 1, marzo de 1975) en Valencia. En consonancia coa formulación do MDM, o contido dos seus boletíns reflicte un predominio de temas xerais, ligados á loita política global, que se combinan con outros máis especificamente femininos. Nas súas páxinas falábase da carestía da vida, da represión, da amnistía, do perigo das bases americanas no territorio español, dos conflitos laborais, dos problemas dos barrios ou de asuntos internacionais como a guerra do Vietnam. Pero tamén se

trataban problemas especificamente femininos, como a explotación da muller polo home, a necesidade dunha educación igual como base para unha plena emancipación ou da incorporación ao traballo para favorecer a independencia económica e a realización persoal das mulleres. ¹¹ Todo isto tratábase, nos primeiros anos, cun ton feminista mesurado, que se irá facendo algo máis evidente conforme avanza a década dos setenta.

En efecto, se na segunda metade dos anos sesenta as reivindicacións especificamente femininas son expresadas con moita cautela polas mulleres máis concienciadas, a partir dos setenta, o peso e influencia destas será cada vez meirande no seo do MDM. O novo xiro que a perspectiva feminista imprimirá aos seus programas e obxectivos provocará o rexeitamento dun sector importante do Movemento e porá de manifesto que cada vez eran máis insalvables as dificultades para articular unha organización unitaria de mulleres. Pódese afirmar que as diverxencias eran tanto de carácter vertical, é dicir, entre a dirección (mormente masculina) e a base feminina (especialmente en cuestións de compoñente ideolóxico feminista, como todo o relativo á liberdade sexual), como horizontal, entre as mulleres decididamente feministas (que ao «fin futuro» antepoñían o «presente») e as non feministas (que seguían confiando en que a instauración do socialismo solucionaría definitivamente o problema da emancipación feminina). Dulcinea Bellido, unha das fundadoras do MDM, lembraba así estas tensións e o rexeitamento que provocaban as propostas de mulleres que, coma ela, estaban concienciadas na loita feminista:

Te advierto que también nos criticaron mucho las mujeres de presos. Había un gran rechazo de estas mujeres a la palabra «feminista», más que a trabajar en sí. Sólo unas pocas lo teníamos claro. Entre

O MDM
proponese
utilizar as
estruturas que
funcionaban
legalmente a
consecuencia
da Lei de
asociacións,
como medio
para canalizar
o labor do
Movemento

O contido dos seus boletíns reflicte un predominio de temas xerais, ligados á loita política global, que se combinan con outros máis especificamente femininos

las «veteranas» había bastante rechazo hacia estos temas, —lo que yo pienso—, si tú le niegas a una persona o le dices que su vida como ama de casa no tiene ninguna proyección personal, cuando ellas lo que hacen es rendir culto a «sacar brillo»... (silencio), pues fíjate como las dejas. Les estás negando su historia.¹²


Pero as dificultades tamén procedían das discrepancias entre militantes do PCE e outros grupos da nova esquerda (PTE, ORT, MEC...) que empezaban a involucrarse na loita das mulleres e a xerar escisións no seo do Movemento. Así, en 1971, un grupo de mulleres cristiás abandonou o MDM (pasando a contribuír á formación da ORT) por considerar que o enfoque deste era excesivamente feminista e que se estaba esquecendo o obxectivo prioritario da loita de clases. En 1973 fixo o mesmo un reducido grupo de mulleres comunistas.¹³

Aínda que, malia as tensións, o MDM propúxose manter o seu carácter pluralista e unitario, a difícil convivencia entre posicións enfrontadas limitou considerablemente as súas posibilidades de actuación durante estes últimos anos. Xa nos postremeiros tempos do franquismo, a composición do MDM experimentará importantes transformacións, que se deixarán sentir tanto na revisión do seu nome coma na reformulación dos seus obxectivos. O primeiro paso do cambio foi a redacción, en 1976, dun novo programa, xa como «Programa del Movimiento Democrático de Mujeres/Movimiento de Liberación de la Mujer» (MDM/MLM) que, a diferenza do inicial definido nas reunións de 1970 e 1971, consideraba a incorporación da muller ao traballo remunerado como unha premisa básica para a súa liberación e mostrábase moito máis tallante nas reivindicacións relativas á vida familiar. Demandábase o matrimonio civil «en caso de que la pareja opte por el matrimonio», a legalización dos anti-

conceptivos e do aborto (que correrían ademais a cargo da Seguridade Social) e a amnistía para os actos considerados delictivos por unha lexislación que discriminaba a muller. Pero había, sobre diso, unha diferenza fundamental: no programa de 1971 insistíase en que o MDM non era un movemento feminista xa que, «al contrario que otros Movimientos Femeninos de América y Europa [...], no propugna una forma de lucha específica reservada a las mujeres». En 1976 definiuse o MDM/MLM como un

«Movimiento Feminista, puesto que su objetivo es luchar contra la discriminación de la mujer. Entiende que la lucha feminista exige una respuesta de masas, ya que sólo la asunción por parte de la gran mayoría de mujeres de su situación de oprimidas va a hacer posible eliminar, de hecho, las discriminaciones que pesan hoy sobre ellas. Es necesario, como en todo problema colectivo, una respuesta de masas, no de minorías».¹⁴

En definitiva, cada vez con máis forza as mulleres que adquiriran unha conciencia de xénero clara intensificarán a loita por atopar un lugar dentro do espazo político e por reivindicar politicamente o debate feminista no ámbito público. E, aínda que o camiño que quedaba por percorrer era longo, o labor feito nos anos últimos da ditadura foi importante. A experiencia do MDM foi breve e en absoluto exento de atrancos pero, con todo, en conxunto pode considerarse un logro. O feito de formar parte dun movemento autónomo de mulleres permitiu a un gran número delas, especialmente ás obreiras ou «mujeres de obreros», poñer en práctica unha capacidade de actuación política e social que tanto o réxime como, na maior parte dos casos, as súas propias organizacións lles negaran e que, xa que logo, elas mesmas descoñecían. Aínda que non todas as mulleres do MDM partici-



paban da mesma ideoloxía nin comparían os obxectivos do feminismo, o seu traballo nun espazo de actuación política definido e dirixido por mulleres levounas a descubrir a forza dunha complicidade e solidariedade de xénero que, á súa vez, lles amosou o camiño da loita política ou mesmo, nalgúns casos, feminista. Pero ademais, a través da acción colectiva feminina, problemas sociais da vida cotiá das mulleres da clase traballadora, como a escaseza de vivendas ou de infraestruturas e equipamentos colectivos nos barrios obreiros ou a subordinación da muller no ámbito doméstico, enlazáronse con outras cuestións políticas de carácter máis xeral, como a falta de liberdades e de dereitos ou a desigualdade entre as clases sociais. Aínda que esta liña de actuación non se pode cualificar de feminista, cómpre ter en conta que tras dela está subxacente unha forma de politizar o cotián, de sacalo da esfera doméstica e vinculalo ás accións obreiras que deu ao papel de ama de casa e de nai de familia unha nova dimensión.¹⁵ En definitiva, a mobilización feminina puxo de manifesto unha gran capacidade de transformación da vida, tanto no espazo público como na esfera

privada, e demostrou unha aptitude notable para conectar a loita política coa loita social. A acción conxunta das mulleres facilitou a creación dunha cultura militante distinta e dun punto de vista máis aberto en relación con movementos de liberación que non se atían á definición clásica do concepto de «clase obreira», enfocado estritamente ás loitas fabrís. Ao mesmo tempo, axudou a construír unha identidade colectiva en volta de asuntos que a política tradicionalmente pasaba por alto e supuxo, outrosí, o punto de partida para que moitas se propuxesen fuxir da pasividade á que se pretendía relegalas, romper o seu illamento e iniciar de forma conxunta a busca dunha voz feminina propia.

NOTAS

¹ Aurora Villena, Vicenta Camacho, Isabel Pérez ou Dulcinea Bellido Lobato encóntranse entre as fundadoras do MDM. En Galicia, o Movemento Democrático de Mulleres Galegas (MDMG), nado en Vigo en 1967, estendeuse a Ferrol e á Coruña e contou co impulso de mulleres como Concha Lago, Pilar García Jiménez, Dolores Giráldez, Pilar Pérez, Carmen Segurana, Victoria Díaz Cabanelas ou Sari Alabau. En Asturias, o MDM acadou un notable desenvolvemento grazas ao labor, entre outras, de Marisa Castro ou Marisa Escandón. En Barcelona, malia que a creación do MDM contou coa presenza de Giulia Adinolfi, encargada de liderar o Movemento desde as filas do PSUC, parece que o intento de constituír un movemento feminino unitario se viu frustrado polas fortes diverxencias xurdidas entre as mulleres e os distintos partidos políticos de esquerdas, en especial o PSUC, que levarán á desaparición, en 1969, do MDM en Cataluña. Para unha visión xeral acerca do MDM poden consultarse, entre outras, as seguintes obras: Amparo MORENO SARDÁ, *Mujeres en lucha. El movimiento feminista en España*, Barcelona, Anagrama, 1977; Giuliana DI FEBBO, *Resistencia y movimiento de mujeres en España, 1936-1976*, Barcelona, Icaria, 1979; Rosa PARDO, «El feminismo en España: breve resumen, 1953-1985», en Pilar FOLGUERA (comp.), *El feminismo en España: dos siglos de historia*, Madrid, Pablo Iglesias, 1988, páxs.

Cada vez con máis forza as mulleres que adquiriran unha conciencia de xénero clara intensificarán a loita por atopar un lugar dentro do espazo político e por reivindicar politicamente o debate feminista no ámbito público

133-136; Irene FALCÓN, *Asaltar los cielos. Mi vida junto a Pasionaria*, Madrid, Temas de Hoy, 1996, páxs. 342-343; María José VALVERDE MÁRQUEZ, «La mujer y el Partido Comunista de España (1958-1977)», en M.^a José JIMÉNEZ TOMÉ (coord.), *Pensamiento, imagen, identidad: a la búsqueda de la definición de género*, Atenea-Universidad de Málaga, Málaga, 1999, páxs. 101-115; Fernanda ROMEU ALFARO, *El silencio roto. Mujeres contra el franquismo*, Madrid, El Viejo Topo, 2002. Para o caso galego, véxase José GÓMEZ ALÉN, *As CC.OO. de Galicia e a conflictividades laboral durante o franquismo*. Vigo, Xerais, 1995, páxs. 173 e ss; COMISIÓN OBREIRAS, *A forza da palabra: lembranzas da loita sindical viguesa*, Vigo, Edicións Nigra Trea, S. L., 1999, páxs. 256, 264 e ss., 274; e Víctor Manuel SANTIDRIÁN ARIAS, *Historia do PCE en Galicia (1920-1968)*, A Coruña, Edicións do Castro, 2002, páxs. 558-559; para Logroño, Roberto G. FANDIÑO e Mónica ORDUÑA, *Mujeres en el camino hacia la democracia en la ciudad de Logroño (1969-85)*, Logroño, Ayuntamiento de Logroño-Instituto de Estudios Riojanos, 2002; o caso catalán é estudado en Pilar FIBLA, «Reflexions sobre l'evolució del moviment de dones a Barcelona», *Mientras tanto*, n.º 6, 1981, pág. 24; Rosa SANS e Xavier GALLOFRÉ, «Los comunistas y el movimiento feminista», en A. MAYAYO et al., *Nuestra utopía: PSUC. Cincuenta años de la historia de Cataluña*, Barcelona, Planeta, 1986, páxs. 113-126; G. GILBERT, «Dimensiones de una ausencia. Memoria de Giulia Adinolfi», *Mientras Tanto*, primavera 2004, páxs. 53-60; Pilar FIBLA e Carme VILAGINÉS, «Giulia Adinolfi, mujer y ciudadana ejemplar», en *Mientras tanto*, n.º 94, «Dimensiones de una ausencia. Memoria de Giulia Adinolfi», primavera 2004, páxs. 25-30.

² Estas tensións fixéronse evidentes xa na I Reunión Estatal do MDM (Madrid, 1970), na que unha das asistentes afirmaba: «[...] considero muy importante esta reunión por razones muy diversas. En primer lugar, la participación de mujeres de todo tipo (obreras, profesionales, estudiantes, mujeres de presos, etc.). En segundo lugar, su distinta ideología: el MDM de Madrid estaba representado por una delegación integrada por católicas, sin partido, comunistas. Santander venía representado por dos mujeres católicas (esposas de los de la HOAC de CCOO). Valladolid mandó a dos dogmáticas proclinas o “gauchistas”... y lo demás era gente más o menos del Partido. Nosotras pensábamos haber llevado una chica católica [...] pero la operaron las vísperas. [...] Conclusiones negativas: la falta total de preparación y de claridad de ideas entre las mujeres de los camaradas. La de Asturias incluso nos llamó a todas camaradas (fue espantoso) y alguna más habló de las católicas con desprecio

y diciendo “los nuestros”, “nosotras”, frente a “esos curas”, “esas santurronas” [...]» «Informe de Amaya», recibido o 28 de marzo de 1970, Archivo Histórico do PCE (en diante, AHPCE), Organizacións de Mulleres. MDM. Informes. Caixa 117, carpeta 2/3. Algunhas militantes comunistas, especialmente aquelas que contaban cun maior nivel de concienciación feminista, como Lidia Falcón, irán alén e acusarán directamente os dirixentes do PCE de manipular o MDM ata o punto de provocaren a súa desaparición por asfixia. Véxase Lidia FALCÓN, *Mujer y poder político*, Vindicación Feminista Publicaciones, Madrid, 1992, pág. 206 e da mesma autora, entre outros, «El feminismo anatemizado por el comunismo», en *Poder y Libertad*, n.º 15, 1991, pág. 39.

³ Entrevista con Marisa Castro Fonseca (Madrid, xaneiro de 2006).

⁴ «DEL MOVIMIENTO DEMOCRÁTICO DE MUJERES: en el ejemplo de las asturianas», *Mundo Obrero*. Madrid, 1.^a quincena de marzo de 1968. AHPCE, *Mundo Obrero*. Anos 1965-1968. Tomo 21.

⁵ «¿Qué es el MDM?», AHPCE. Organizacións de Mulleres. MDM. Programas, caixa 117, carpeta 2/1.

⁶ A Primeira Reunión Xeral do MDM contou coa asistencia das delegacións de Asturias, Alcoy, Guipúscoa, Madrid, Puertollano, Santander, Terrasa, Valencia, Valladolid, Biscaia e Zaragoza. Nela, mediante unha análise do momento político e social de España, destacou a necesidade de incorporar a muller á loita e analizaronse os problemas que lle afectaban «como ser social afectado por la carencia de libertades generales y doblemente discriminada por su condición de mujer». «Primera Reunión general de las Mujeres Demócratas de España». AHPCE, Boletín de Información, Tomo 31 (sen número, pero correspondente ao 1.179), 30 de abril de 1970.

⁷ Nestes momentos, ao expoñer a cuestión feminina aínda se insiste (tanto desde o PCE como, consecuentemente, desde o MDM) nas reivindicacións dos dereitos laborais por riba dos civís, precisamente porque non existía o ‘perigo’ de que aqueles se estenderan á vida privada (como si podían facelo os segundos) e puxeran en cuestión a concepción tradicional da familia e da muller que imperaba tamén na esquerda. Ata ben entrados os anos setenta, o PCE desenvolverá un discurso ambiguo no que as reflexións sobre a situación da muller quedaban reducidas ao concepto de «igualitarismo», sen ter en conta que a igualdade de dereitos para ambos os sexos non era posible no contexto dunha sociedade pensada e construída por homes, de xeito que só a formulación da igualdade de condicións na construción da sociedade podería permitilo. Giaime Pala, «Entre paternalismo e igualitarismo. El PSUC y la cuestión de la mujer en los años del tardofran-

quismo», *Mientras Tanto*, n.º 97, 2005, páxs. 133-148.

⁸ Esta forma de actuación queda definida nas conclusións da Segunda e Terceira Reunión Xeral do MDM, que teñen lugar en maio e outubro de 1971, respectivamente. Á II Reunión Xeral do MDM asistirán as delegacións de Sevilla, Córdoba, Cabra, Galicia, Asturias, Alcoy, Madrid e Zaragoza. Nela analizaranse, por vez primeira, as causas do desprestixio dos chamados «movimentos feministas» e porase de manifesto a necesidade de levar a cabo un labor de esclarecemento «para llevar a las mentes progresistas no sólo la necesidad y efectividad de los movimientos de mujeres en la actualidad sino sus posibilidades y proyección en el futuro, incluso ya dentro de una sociedad socialista, para lograr la plena incorporación y participación de la Mujer en la sociedad, a todos los niveles y en todos los campos». «Segunda Reunión General del Movimiento de Mujeres Democráticas, mayo de 1971». AHPCE, Organizacións de Mulleres. MDM. Informes, Caixa 117, carpeta 2. A III Reunión Xeral de MDM contará coa asistencia das delegacións de Andalucía, Canarias, Cataluña, Galicia, Guipúscoa, Logroño, Madrid, Mallorca, Levante, Santander, Biscaia e Zaragoza. Unha das súas principais consecuencias será a constitución dunha coordinadora xeral co obxectivo de axilizar os contactos e intercambios de experiencias duns e outros lugares «para impulsar decisivamente la incorporación de la mujer a la lucha, ya sea en el campo o en la ciudad, en la fábrica o en la universidad». «Tercera Reunión General del MDM», AHPCE, Boletín de Información. Tomo 35, n.º 44 (17 de decembro de 1971).

⁹ «Segunda Reunión General del Movimiento de Mujeres Democráticas, mayo de 1971». AHPCE, Organizacións de Mulleres. MDM. Informes, caixa 117, carpeta 2. Sara Iribarren, *La liberación de la mujer*, París, Ebro, 1973, páx. 127.

¹⁰ Testemuño de Merche Comabella, en Fernanda ROMEU ALFARO, *El silencio roto. Mujeres contra el franquismo*, Madrid, El Viejo Topo, 2002, páxs. 216-217.

¹¹ Francisco Erice, «Mujeres comunistas. La militancia femenina en el comunismo asturiano, de los orígenes al final del franquismo», en Francisco ERICE SEBARES (ed.), *Los comunistas en Asturias (1920-1982)*, Xixón, Trea, 1996, páx. 340.

¹² Testemuño de Dulceina Bellido, en Fernanda Romeu..., páxs. 248-249.

¹³ Rosa Pardo, *o. cit.*, páxs. 133-136

¹⁴ «Programa del Movimiento Democrático de Mujeres/Movimiento de Liberación de la Mujer», Madrid, outubro de 1976. Folleto publicado polo MDM/MLM. AHPCE, Organizacións de Mulleres. Movimiento Democrático de Muje-



res. Programas 1976. Caixa 117, carpeta 2/1. Se desde o comezo dos anos setenta xurdiran no seo do movemento fortes tensións, a situación agravarase a partir de 1976. As mulleres do PTE vanse do MDM para crearen, xunto coas mulleres da ORT, a Asociación Democrática da Muller. Posteriormente, xorden tamén problemas entre as mulleres destes partidos políticos, e as militantes da ORT forman a Unión para a Liberación da Muller. Pola súa parte, as mulleres socialistas que nun momento dado e de forma minoritaria militaran no MDM ou en asociacións de amas de casa, conforme se vai aproximando a fin da ditadura deciden dedicarse prioritariamente a traballar no seo do seu partido. No PCE xurdirán tamén fortes discusións ideolóxicas que terán como consecuencia o abandono por parte dun grupo de mulleres do PCE do MDM de Madrid. Pouco despois, a dirección nacional do PCE considerou que o MDM tivera un papel importante durante a ditadura, pero que non tiña razón de ser nos albores da democracia. Moitas mulleres do PCE mostráronse contrarias a esta decisión e decidiron seguir traballando no MDM, que durante esta época desempeñou tamén un papel importante no conxunto do Movemento Feminista. Ao final dos anos setenta, a LCR e o MC crean tamén os seus propios grupos de mulleres e adquiren unha determinada hexemonía en parte do MF. Para todas estas cuestións, véxase Rosa Pardo, *o. cit.*, páxs. 133-136.

¹⁵ Temma KAPLAN, «Luchar por la democracia: formas de organización de las mujeres entre los años cincuenta y los años setenta», en Anna AGUADO (ed.), *Mujeres, regulación de conflictos sociales y cultura de la paz*, Valencia, Institut Universitari d'Estudis de la Dona/Universitat de Valencia, 1999, páxs. 89-107; Celia VALIENTE FERNÁNDEZ, «Movimientos sociales y Estados: la movilización feminista en España desde los años sesenta», en *Sistema*, n.º 61, 2001, páxs. 31-58.

E
TRA
ULOSA

NON AS CELULOSAS
SI A INDUSTRIALIZACION
NON CONTAMINANTE
MOVIMENTO DEMOCRÁTICO DE MULLERES



fundación 10 de marzo
sindicato nacional de cc.oo. de galicia